

A.N.P.A. CPI "CAMIÑO DE SANTIAGO". CURSO 2022-2023

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES (AMPLIADAS)

Debido á alta demanda de actividades extraescolares recibidas nos primeiros días do prazo de matrícula e as suxerencias recibidas por parte dos pais e nais, a ANPA en colaboración co Concello de O Pino amplía e concreta a oferta formativa. En concreto haberá dúas novas actividades do concello: Papiroflexia e Creatividade.

Na nova proposta inclúese, por petición de varios pais e nais, os cursos aos que van dirixidas algunhas actividades. Tamén engadimos un apartado neste documento que trata de dar resposta as dúbidas máis comúns coas actividades da ANPA (de pago).

O formulario en liña para a matrícula nas actividades foi substituído por outro novo, que permite seleccionar a preferencia das actividades por día da semana, polo que todas aquelas familias que cubrisen o formulario antigo deberán de cubrir novamente o novo formulario para poder ten en conta as novas actividades e os novos parámetros.

Como consecuencia destas modificacións amplíase o prazo de matrícula ata o día 21 de setembro.

Con todos estes cambios tratamos de dar resposta ás suxestións recibidas por parte de todos os membros da comunidade educativa. Sentimos as molestias que estes cambios poidan provocar nas familias.

Proposta actualizada de actividades curso 2022/2023 para o horario de 15.30 a 16:30 horas				
	LUNS	MÉRCORES	XOVES	VENRES
ACTIVIDADES DO COLEXIO (GRATUITAS)	Ludoteca (Infantil e Primaria)	Ludoteca (Infantil e Primaria)	Ludoteca (Infantil e Primaria)	Ludoteca (Infantil e Primaria)
	Biblioteca (Primaria)	Biblioteca (Primaria)	Biblioteca (Primaria)	Biblioteca (Primaria)
25 alumnos/as máximo	A. Informática 4º 5º 6º Primaria	A. Informática 1º 2º 3º Primaria	A. Informática 4º 5º 6º Primaria	A. Informática 1º 2º 3º Primaria
ACTIVIDADES DO CONCELLO (GRATUITAS)	Psicomotricidade (infantil) Usos múltiples	Psicomotricidade (infantil) Usos múltiples	Creatividade Infantil	Creatividade Infantil
			Baile moderno 1º,2º,3º Primaria	Baile moderno 4º,5º,6º Primaria
	Papiroflexia Primaria	Papiroflexia Primaria	Multideporte 4º,5º,6º Primaria	Multideporte 1º,2º,3º Primaria
ACTIVIDADES DA ANPA (DE PAGO)	Artes Plásticas (Infantil)	Cociña (Infantil e Primaria)	Ballet (Infantil e 1º e 2º de Primaria)	Karate (Avalon Kai) Primaria
	Baloncesto (Mombus Obradoiro) Primaria	Baloncesto (Mombus Obradoiro) Primaria	Xadrez (Roberto Patiño) (Primaria)	Ioga (Infantil)
	Guitarra (1º, 2º e 3º Primaria)	Guitarra (4º, 5º e 6º Primaria)	Zumba (Primaria)	Inglés escénico (1º, 2º e 3º Primaria)
	Teatro (Primaria)	Teatro (Infantil)	Robótica (Primaria)	Técnicas de estudio (4º, 5º e 6º Primaria)
	Inglés escénico (4º, 5º e 6º Primaria)	Informática (Primaria)	Mecanografía (Primaria)	Pandeireta e percusión (Primaria)

Información relativa as actividades extraescolares da ANPA (de pago)

- 1. Matrícula:** As actividades terán unha matrícula de 25€/ano por actividade e por alumno. As familias socias da ANPA estarán exentas do pago desta matrícula.
- 2. Prazo de matrícula:** A matrícula poderá facerse en liña ata o 21 de setembro na web da ANPA. Durante o prazo e matrícula poderanse facer todas as modificacións que se desexen. O formulario de matrícula está dispoñible en: <https://www.anpacaminosantiago.es/a-anpa-manten-aberto-o-prazo-de-inscripcion-nas-actividades-extraescolares-ata-o-21-de-setembro/>
- 3. Facerse socio da ANPA:** Todas as familias poden facerse socias da ANPA aboando unha cota de 20€/familia. O formulario para facerse socio da ANPA para o curso 2022-2023 está dispoñible na web da ANPA: <https://www.anpacaminosantiago.es/impresos/>
- 4. Prezo das actividades:**
 - Actividades de 20€/mes: Baloncesto (2 días/semana), Karate (1 día/semana), Teatro (1 días/semana) e Inglés Escénico (1 días/semana).
 - Actividades de 15€/mes: Artes Plásticas (1 día/semana), Cociña (1 día/semana), Ballet (1 día/semana), Xadrez (1 día/semana), Ioga (1 día/semana), Guitarra (1 días/semana), Zumba (1 día/semana), Mecanografía (1 día/semana), Robótica (1 día/semana), Técnicas de estudo (1día/semana), Informática (1 día/semana) e Pandereita e percusión (1 día/semana).
- 5. Descontos por máis dunha actividade na unidade familiar:**

As familias que teñan alumnado matriculados en máis dunha actividade terán un desconto na segunda e sucesivas actividades dun 30%. Por exemplo unha familia fillos matriculados en tres actividades en total aboará o importe completo da primeira actividade dun dos fillos. O resto de actividades dos fillos da unidade familiar terán un desconto do 30%.

Nas actividades de 20€ o desconto do 30% implica aboar 14€/mes. Nas actividades de 15€ o desconto do 30% implica aboar 10,5€/mes.

Tomarase sempre como primeira actividade e por tanto a que pagaremos sen desconto a de importe máis alto, tendo desconto no resto de actividades independentemente do seu precio. Por exemplo nunha familia con dous fillos matriculados en dúas actividades cada un faríamos os seguintes cálculos:

- Fillo 1: Actividade 1 (15€) e Actividade 2 (15€) quedarían en $10,5€ + 10,5€ = 21€$
- Fillo 2: Actividade 1 (15€) e Actividade 2 (20€) quedarían en $10,5€ + 20€ = 30,5€$ (non aplicamos desconto na actividade máis cara dun dos fillos, neste caso a de 20€ do fillo 2)

- 6. Publicación das listaxes definitivas de actividades:**

Todas as actividades de pago da ANPA teñen un número mínimo e máximo de participantes. Finalizado o prazo de matrícula nas actividades (21 de setembro) a ANPA elaborará listaxes definitivas de alumnos e actividades.

As listaxes definitivas serán comunicadas ao centro na semana do 26 de setembro. O abono das actividades efectuarase despois da publicación destas listaxes definitivas.

- 7. Cálculo do importe a pagar:** Sumarase o importe mensual das actividades nas que están aceptados todos os alumnos da familia tendo en conta o desconto por múltiples actividades dentro da unidade familiar (ver punto 5). Este importe multiplicarase por 8 (meses de duración das actividades de outubro a maio). O resultado será o importe TOTAL a pagar anualmente por familia. As familias que non son socias da ANPA terán que sumar ao TOTAL un importe de 25€ en concepto de matrícula por cada actividade. A ANPA enviará a cada familia un recibo indicando o importe a aboar por familia para proceder ao pago.
- 8. Formas de pagamento:** Farase por familia. O abono das actividades pode realizarse de dúas formas:
 - Pago único anual: Ao importe total a pagar (ver punto 7) restaráselle 20€ por fillo en concepto de desconto por pago anual. Efectuarase o abono desta cantidade mediante transferencia na conta da ANPA antes de 30 de novembro de 2022.
 - Pago fraccionado: Dividirase en 3 o importe total a pagar (ver punto 7) e efectuaranse 3 abonos do resultado da operación (importe total a pagar / 3) antes do 10 de novembro de 2022, 10 de marzo de 2023 e 10 de maio de 2023 respectivamente.
- 9. Como facer o pagamento:** O pagamento das actividades realizarase en un ou tres prazos (ver punto 8) mediante unha transferencia á conta da ANPA (ABANCA: ES98 2080 0337 1030 4001 0728). Para poder identificar os pagamentos é preciso especificar na descrición da transferencia "ACTIVIDADES APELIDO1 APELIDO2", sendo APELIDO1 e APELIDO2 os apelidos dos alumnos.
- 10. Resolución de dúbidas:** Para calquera dúbida está dispoñible o teléfono 692 205 776, preferiblemente usando WhatsApp ou SMS. Tamén por correo electrónico no enderezo: contacto@anpacaminosantiago.es